

## A EXPLOTACIÓN DOS RECURSOS MARISQUEIROS EN GALIZA, 1750-1900: DO "MAR LIBRE" AO CONTROL DAS NORMAS DE USO<sup>1</sup>

XERMÁN ALEJANDRO MUÍÑOS

Departamento de Historia e Institucións Económicas  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais  
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 22 Maio 1996

Aceptado: 10 Xullo 1996

---

**Resumo:** O traballo pretende ser un punto inicial no estudo da evolución das normas de acceso a certos recursos naturais da beiramar. Para isto, céntra-se na costa galega e no caso máis coñecido e paradigmático, que foi o da ostra. A cuestión clave sería o tipo de regulación a que fica sometida a actividade económica derivada da situación en cada momento. Nun percorrido histórico polas citadas normas, estudaremos o paso da inicial situación de "mar libre" a outras nas que a administración intentará regular e controlar o uso dos recursos. O proceso esbozado conclúe cando se sentan as bases para o uso particular de partes do espazo marítimo coa intervención da administración do Estado, superado o ecuador do XIX.

**Palabras Clave:** Recursos mariños; Mar libre; Regulamentación estatal; Ostricultura; Parques; Galicia.

### EXPLOITATION OF GALICIAN SEASIDE RESOURCES, 1750-1900: "SEA FREE" AND THE CONTROL OF THE NORMS OF UTILISATION

**Summary:** This paper pretends to be a starting point in the study of the evolution of the norms of accessing to certain seaside natural resources. In order to do this, it focuses on Galician seaside and on the the most paradigmatic and well-known case of oyster. The key question is the type of regulation to which the economic activity derived from the situation in each moment would be subjected. In a historical analysis of such norms we will study the passing from the initial situation of "free sea" to others where the government will try to regulate and control the utilisation of resources. The outlined process concludes when the government establishes the bases for the utilisation of the maritime space in the second half of the 19th century.

**Keywords:** Sea resources; Free sea; State regulation; Oysterculture; Parks; Galicia.

---

## SITUACIÓN DO ACCESO ÓS RECURSOS DURANTE O ANTIGO RÉXIME

A extracción e consumo de varias clases de moluscos e crustáceos, sobre todo de ostras pero non só, é unha actividade corrente en moitos puntos do litoral galego desde moi antigo, atopando-se referencias á abundancia das costas galegas xa en época de dominación romana<sup>2</sup>. En tempos medievais a captura estivo extendida nalgúns lugares, tanto como para merecer a atención da autoridade eclesiástica á hora de esixir diferentes exaccións, como o décimo da mar ou os portages<sup>3</sup>. Nestes momentos, a presenza da ostra nos mercados das

---

<sup>1</sup> O presente traballo forma parte das investigacións realizadas grácias á bolsa da Dirección Xeral de Formación e Investigación Pesqueira da Consellería de Pesca da Xunta de Galicia que o autor disfrutou durante os anos 1993 e 1994.

<sup>2</sup> O xeógrafo romano Estrabón refería-se á abundancia en ostras das costas galegas (Maciñeira, 1903, p. 102).

<sup>3</sup> Así se recolle nos fueros otorgados a Noia polo Arcebispo de Santiago, mediado o século XIII. Ver López Ferreiro, 1895, reed. 1975, pp. 519 e 523-524.

vilas non era excepcional<sup>4</sup>, e incluso parte da produción era exportada por mar a diferentes puntos (Cornide, 1774, pp. 47-48).

Entre os séculos XVI e XVIII asistimos a un certo auxe da explotación e comercio de ostras, principalmente en escaveche. Nesta época a abundancia era notábel, en lugares como Carril, Abanqueiro e Rianxo, a zona de Cambados, Noia, O Pasaxe, PonteSampaio, Ortigueira, Bares, e outros (Del Hoyo, 1607; Maciñeira, 1903; Martínez Murguía, 1888; Molina de Málaga, 1550; Pérez Costanti, 1925-27). Os mercados para as producións van-se tornando estáveis, e estas envían-se a algúns mosteiros<sup>5</sup>, vilas e prazas de Galiza, a Castela (incluso á Casa Real<sup>6</sup>), e a Portugal<sup>7</sup>. Mesmo se fixo algún envío ás Indias americanas desde o porto de Vigo, xa avanzado o XVIII (Mejjide, 1979, p. 304).

Así, a actividade en torno á extracción de ostras é substancial, e adica-se a ela un bó número de persoas —pescadores e labregos da beiramar, tratantes, escavecheiros, arrieiros—, rendindo certos beneficios en moitos lugares de Galiza con tradición ostreira. Os datos que ofrece o *Catastro da Ensenada*, de mediados do XVIII, confirman este extremo. Neles atopamos a presenza de escavecheiros en varias zonas de Galiza, e incluso outras donde grande parte da actividade mareira xira en torno á explotación dos bancos de ostras<sup>8</sup>. Existían ademais viveiros ou depósitos para a cria de ostras, en lugares como Abanqueiro, Carril ou Rianxo, cuia orixe descoñecemos<sup>9</sup>.

Desde o punto de vista do acceso aos recursos e a súa regulación, durante esta etapa a actividade marisqueira ven marcada polo que poderíamos considerar *Acceso Libre* aos mesmos para todas as persoas, alomenos até a promulgación das *Ordenanzas Generales de la Armada* en 1748. Isto non quere dizer que non exista algún tipo de limitación ou formas de control do acceso, e se o recurso é vital exercerían-se mecanismos comunitarios de regulación<sup>10</sup>. *Previsiblemente*, as comunidades que explotan os recursos limitan o seu uso controlando a presenza de extraños (control territorial), e mesmo a traveso do coñecemento dos

<sup>4</sup> No arancel fixado polo Concello e Xustizas de Santiago en 1418, recolle-se a taxa a satisfacer polos produtos de mais frecuente consumo, entre os que aparecen as ostras. Ver López Ferreiro, 1895, reed. 1975, pp. 441-442 e tamén Ferreira, 1988.

<sup>5</sup> Nas contas do Priorato de Porto (perto de Pontedeume) para o ano 1660-61 contabilízase a compra de ostras e de varias especies de peixes. En AHRG: *Fondos Mosteiros*, (Caixa 353, 1647-1710). Muito antes, no século XIII, os monxes de Caeiro xa mercaban ostras en Chanteiro (A Coruña), recollido en Martínez Salazar (1911, p. 9).

<sup>6</sup> En 1642, o xuíz de Pontevedra ordena que ninguén poda coller ostras na zona de PonteSampaio e Redondela sen permiso real, temendo que se esgoten e non se poda surtir á Casa Real. AHPP, Arquivo Municipal: *Vida Marítima*, (Leg. 48 (8)). Tamén desde Noia e Pontedeume se envían ostras escavechadas, entre outras cousas, á Casa Real. Ver Pérez Costanti, 1925-27, p. 117.

<sup>7</sup> Durante o XVII, o despacho de ostra a Portugal adquire grande entidade (Mejjide, 1969, p. 479).

<sup>8</sup> Segundo eses datos hai escavecheiros en Rianxo, Fefiñanes, PonteSampaio e Noia. AHUS: *Catastro. Interrogatorio General*. Ver *Rianxo* (Lib. 251, Fol. 443-444), *Noia* (Lib. 251, Fol. 486-487 e 496 e ss), *Fefiñanes* (Lib. 245, Fol. 462); e *PonteSampaio* (Lib. 245, Fol. 579). Ademais, en PonteSampaio e Arcade as embarcacións e mariñeiros que hai adican-se caseque exclusivamente á captura de ostras. AHUS: *Catastro, PonteSampaio* (Lib. 245, Fol. 564) e *Arcade* (Lib. 268, Fol. 199).

<sup>9</sup> Na época do Catastro hai en Abanqueiro "...58 Vivares de Hostría...". AHUS: *Catastro, Abanqueiro*, (Lib. 251, Fol. 117). Ver tamén Graell (1870, pp. 75 e 187). Según este autor, os viveiros de Carril datan de tempo inmemorial.

<sup>10</sup> Non se debe confundir «libre acceso» con «propiedade comunal», algo habitual nos textos adicados ao estudo de recursos pesqueiros. A última precisa da existencia de propiedade, o cal supón unha diferenza fundamental co acceso libre. Neste sentido, ver Ciriacy-Wantrup, Bishop (1975)<1992>; Aguilera (1987, 1991 e 1992) e Pascual (1993). Por outra parte, é comunmente aceptado pola Antropoloxía Económica o recurso a mecanismos comunitarios de control nestas situacións. Ver Pascual (1993).

recursos e dos mellores lugares de captura. É dicir, non se controla ao recurso en si mesmo, senón ao grupo social que pode acceder a el (Galván, 1989, 1993). Neste mesmo sentido, o acceso aos bancos sumerxidos tamén se limita polo feito de ser necesaria unha embarcación, da que non todas as persoas dispoñen.

Como é sabido, a explotación era realizada non só por mariñeiros con embarcacións, senón tamén por mulleres, nenos e persoas de idade avanzada nos bancos emerxentes e praias. Tamén os labregos das zonas próximas adican-se parcialmente a esta actividade, e para eles a extracción de moluscos representava un recurso fundamental, sobre todo en épocas de malas colleitas. As respostas dadas ao interrogatorio para a formación do *Catastro da Ensenada* suxiren tais afirmacións, ao referir a presenza de persoas adicadas á captura de este tipo de recursos (e tamén a outras pescas) que "...se ocupan una parte del año en el cultivo de sus tierras...". Asimesmo, estas respostas dan conta da estacionalidade da captura de algunhas das producións do mar, e da complementariedade entre agro e mar, fundamental para a subsistencia dos grupos familiares<sup>11</sup>.

Por outra parte, a actividade descrita, realizada baixo o principio de *mar libre*, non estivo exenta de conflitos, como os suscitados pola existencia de ostreiras privadas ou baixo dominio de mosteiros, mitra compostelana ou casas nobiliarias (Meijide, 1969). Ao longo do XVII e do XVIII non serán extraños os enfrontamentos dos mareantes cos detendadores de aqueles dominios, por mor da explotación das ostreiras. Os condes de Monterrei e Fefiñanes tiveron que enfrontar varios pleitos promovidos polos mareantes da zona de Cambados, privados de explotar bancos naturais de ostras que aqueles supoñían da súa propiedade. Do mesmo xeito, a casa de Goyanes considerava súa unha ostreira en Vilanova de Arousa, como se desprende do pleito que por este motivo promoven en 1685 os mareantes da zona<sup>12</sup>.

## AS ORDENANZAS GENERALES DE LA ARMADA DE 1748: O INICIO DO FIN DO MAR LIBRE E A REGULAMENTACIÓN DO ACCESO AOS RECURSOS

A promulgación das *Ordenanzas Generales de la Armada* no ano 1748<sup>13</sup>, a raíz dos desexos da Coroa española de reorganizar a súa mariña de guerra, supón un cambio na situación descrita, aínda que o desenvolvemento da actividade segue-se rexindo por pautas

<sup>11</sup> AHUS: *Catastro, Puente Sampayo*. (Lib. 245, Fol. 565). No litoral galego o agro e o mar son complementarios, pola propia natureza do sector primario. Isto xenera unha multiplicidade profesional que caracterizou a actividade desde os primeiros momentos até as épocas máis actuais. Esta problemática está moi ben descrita, para o século XX (González Vidal, 1980).

<sup>12</sup> Ver AHRG: *Pleitos y expedientes de vecinos. Santo Tomé del Mar*, (L. 25.747 (10), 1682): "*Os mareantes da vila (...) co conde de Monterrei e Fuentes. Auto ordinario en razón da pesca de ostras*". Tamén, AHRG: *Pleitos y expedientes de vecinos. Cambados*, (L. 9.113 (39), 1652): "...os mareantes da ria de Arousa e o conde de Fefiñanes sobre pesca de ostras en Cambados". E tamén, AHRG: *Pleitos y expedientes de vecinos. Villanueva de Arosa*, (L. 13.584 (60), 1685): "*Os mareantes e Domingo de Chain, con Maria de Ulloa Taboada, vda de Juan Antonio Varela de Goyanes. Auto ordinario sobre a ostreira do rio Goyanes*".

<sup>13</sup> *Ordenanzas de S.M. para el gobierno militar, político y económico de su Armada Naval*, Madrid, 1748. Tamén, *Ordenanzas de Matrícula*, Madrid, 1751. Unha boa aproximación e recopilación en Salas (1870).

parecidas. Nas citadas Ordenanzas establece-se a *Matrícula do Mar*, que concede en exclusiva o privilexio da pesca e navegación ás persoas inscritas na mesma, ademais de ofrecer outra serie de privilexios e exencións fiscais ao comercio dos seus produtos<sup>14</sup>. E isto a cámbio de permanecer ao servizo das necesidades de tripulantes da Armada Española practicamente de por vida (Carmona, 1983, pp. 443 e ss.).

Desde o punto de vista da nosa análise a importancia do feito é significativa. Na nova situación, o acceso aos bancos naturais xa non é libre, por estar reservado en exclusiva aos matriculados da Mariña (sendo libre para eles). Por outra parte, o uso dos recursos da zona intermareal segue-se rexindo polas mesmas normas non escritas, aínda que non sen trabas. Como as que tenta establecer a *Ordenanza de Pesca para la Provincia de La Coruña* de 1769, que baseando-se no privilexio exclusivo que otorgan as *Generales* de 1748, proíbe explicitamente usar este espácio aos non matriculados<sup>15</sup>, o cal deveu xenerar a oposición das xentes da beiramar e dificilmente foi cumprido por estas. Neste sentido, as *Ordenanzas Generales de Pesca*<sup>16</sup>, de principios da década de 1790, establecen neste espácio unha liberdade total que xa viña sendo efectiva, baixo as normas sinaladas<sup>17</sup>.

En teoría, a situación implicava tamén a supresión dos domínios privados sobre porcións de terra ou mar de libre acceso, xa que os bancos de moluscos son desde este momento de exclusivo uso dos matriculados. Pero en realidade isto non será así, e as mencionadas *Ordenanzas Generales de Pesca* afirmarán a liberdade da pesca de ostras, pero sempre e cando "...no se encuentren en lugar acotado por particulares desde tiempo inmemorial o de real permiso..."<sup>18</sup>, ratificando en realidade unha situación que xa se estaría dando na práctica.

Por outra parte, as Ordenanzas referidas á pesca posteriores ás *Generales* de 1748 van lembrar que esta é privilexio exclusivo dos matriculados, instando a que ninguén que non o sexa se poda adicar ás faenas do mar. Así, a *Ordenanza de Pesca de la Provincia de Pontevedra* de 1768 encomenda aos mariñeiros a tarefa de vixiar que os non matriculados saquen ostras da auga<sup>19</sup>. E no mesmo sentido, estando claro que non se pode impedir o apro-

<sup>14</sup> Estes privilexios serán ratificados na *Ordenanza de Matrículas de Mar* de 1802. Na mesma afirma-se de forma taxante que ninguén non matriculado poderá "...bajo ningún pretexto ejercitarse en la pesca y navegación, ni en nada que tenga que ver con la profesión" (tit. V, art. 10). Ver González Maroto e Sánchez Jiménez (1906).

<sup>15</sup> "...y a ningún otro (que non sexa matriculado) le está permitido el uso de las aguas hasta donde alcanzan las saladas en las mayores mareas del año...". *Ordenanzas de Pesca para las Provincias de Pontevedra y La Coruña* (...), p. 49, Madrid, 1850. Deve-se sinalar que as provincias marítimas de Pontevedra e A Coruña ocupaban toda a Galiza atlántica, desde o Miño até Pontedeume, que xa pertencía á de Ferrol.

<sup>16</sup> Ao respecto destas Ordenanzas, deve-se precisar que só aparecen recollidas nunha das recopilacións lexislativas consultadas (González e Sánchez, 1906). Algún autor afirma que a pesares de ser redactadas nunca chegaron a promulgar-se (Santos, 1990). En todo caso, para o presente traballo da-se en diante por bo o espírito que recollen as Ordenanzas, que interesa mais alá da efectividade das normas.

<sup>17</sup> "...A ninguna persona ha de impedirse el aprovechamiento de la pesca del marisco en la extensión de las playas y arenas que descubre la vaciante de las mareas...", González e Sánchez (1906, p. 57). *Ordenanzas Generales de Pesca*, tratado XIV, título I, artículo 1º.

<sup>18</sup> González e Sánchez (1906). En todo caso, promulgadas ou non estas Ordenanzas, interesa-nos recoller este espírito, que reflexaria o que en realidade sucedeu.

<sup>19</sup> Ordenanza de Pesca, art. 27, Pontevedra 1768, en *Ordenanzas de Pesca para las Provincias de Pontevedra y La Coruña* (...). Madrid: Ministerio de Marina, 1850.

veitamento libre das praias, as *Generales de Pesca* de fins de século proibían capturar ostras con embarcación, ou simplemente entrando na auga, aos non inscritos na matrícula<sup>20</sup>.

En calquer caso, a atención que merece a regulamentación do acceso aos bancos de ostras demostra a importancia que debía ter a actividade e o consecuente interese das autoridades. As Ordenanzas de Pesca para Pontevedra e A Coruña non só recordan o privilexio de pescar que teñen os matriculados, senón que establecen unha serie de normas que regulan o acceso aos recursos pesqueiros máis importantes das augas ás que se refiren, incluíndo as ostras e tamén outros moluscos. Entre elas atopamos normas referidas as épocas de captura (vedas) e aos instrumentos que se deben usar, así como as sancións por incumprimento.

En canto ás épocas de captura, establecerá-se a veda nos meses da primavera e o verao, cando a ostra está en período de impregnación e solta da freza, é dicir, de reprodución. Na provincia de Pontevedra, a pesca de ostras "...debe principiar desde primeiros de diciembre hasta últimos de abril..."<sup>21</sup>. Sen embargo, para a provincia de A Coruña non se establece ningunha norma global para a tempada de pesca, e só se limita en O Pasaxe aos meses de setembro a abril, cecais pola menor actividade ostrícola nesta provincia, que se debía localizar en poucos lugares<sup>22</sup>.

E no que se refire aos instrumentos, usan-se desde moito tempo atrás aparellos sinseles de man para o traballo nas praias, similares aos apeiros da labranza (*legoñas, sachas e angazos*), e outros, tamén sinseles, como os *rastros*<sup>23</sup> (*endeño, rallo, rastrillo*), a *tanga* e o *angaso*<sup>24</sup>. A utilización dos rastros nos bancos sumerxidos xenerou conflitos entre os pescadores e mariscadores, mesmo en momentos moi próximos a nós no tempo, xa que pola súa forma de funcionamento foron considerados perxudiciais para os fondos das rias e para a cría de peixes e moluscos<sup>25</sup>. En ocasións, detrás deste tipo de conflito agocha-se outra loita polo recurso, máis ben territorial, cando os mareantes de determinado lugar non permiten a pesca aos de outros lugares viciños, escudando-se en que esquilman as praias<sup>26</sup>. Neste sentido, a Ordenanza de Pontevedra limita o seu uso aos fabricados de madeira, e a da Coruña

<sup>20</sup> *Ordenanzas Generales de Pesca*, Tratado XII, título V, art. 4. González e Sánchez (1906).

<sup>21</sup> Ordenanza de Pesca para la Provincia Marítima de Pontevedra, art. 26. A Ordenanza insiste ademais de forma explícita en que de maio a agosto "...no se debe andar a la pesca de la ostra por ser el tiempo en que este género se halla en la cría...", en: *Ordenanzas de Pesca...*, 1850.

<sup>22</sup> Ordenanza de Pesca para a provincia de A Coruña, art. 39. *Ordenanzas de Pesca...*, p. 57, 1850.

<sup>23</sup> Os rastros son instrumentos de diversos tamaños, formas e materiais que se utilizaban arrastrando os fondos dos bancos a pé ou desde embarcacións sinseles. Tamén se usan sobre a área das praias ou dentro da auga nas mareas baixas. Ver Comide (1778) e Sañez Reguart (1791-95).

<sup>24</sup> En realidade son tipos de rastros, dos usados a man. Ver Graells (1870, p. 208) e Sañez (1791-95, voces respectivas).

<sup>25</sup> Esta situación permanece viva no marisqueo galego até os nosos días, como demostra o conflito polo uso do can e do endeño remolcado (tipos de rastros) entre diferentes Confrarías da ría de Arousa nas décadas de 1970 e 1980. Ver González Vidal (1980).

<sup>26</sup> Os alcaldes da vila de Deán mandaran, en 1655, prender e queimar unha embarcación da viciña vila de O Caramiñal que andava "...pescando ostras con un rastrro...", posiblemente como forma de defensa dunha zona de pesca considerada propia, en "Litigios entre los mareantes de las Rias Bajas sobre posesión del mar, 1561-678", *Publicaciones El Museo de Pontevedra*, Vol. II, pp. 69-81, 1944.

específica que se deve usar o rastro de madeira en fondos de terra e o de ferro en fondos de pedra<sup>27</sup>.

En resumo, as normas reguladoras da extracción de ostras, establecidas polas Ordenanzas de Pontevedra e A Coruña, no marco da Matrícula do Mar, crian mecanismos de control da actividade inexistentes até o momento da súa aprobación. Nestes momentos, atopamos un marco de libre acceso aos bancos sumerxidos para os matriculados, pero sometido ás normas, e outro de libre acceso pleno aos recursos da zona intermareal, sometido tamén a certas normas e regulado polos mecanismos comunitarios mencionados. As normas tenderán a unha regulación conservacionista, no sentido de intentar evitar a sobreexplotación dos recursos. As mesmas, cumpridas ou non, rexirán o desenvolvemento da actividade durante boa parte do século XIX, até a aprobación dun primeiro Regulamento especial de ostricultura, en 1866.

Nesta situación, ao longo dos dous primeiros tercios do século non só non varia a regulamentación, senón que a actividade ten características similares ás descritas, e segue representando un recurso vital para moitas familias da beiramar<sup>28</sup>. Tampouco decae a elaboración e comercio en escaveche, tan importante nos séculos anteriores, nalgunhas zonas do litoral con tradición ostrícola. Como en PonteSampaio, onde a elaboración de escaveches de ostra é a principal actividade das xentes do lugar mediada a centúria, exportando-se as producións ao interior peninsular<sup>29</sup>. Ou outros dos lugares nos que atopamos referencias a unha considerábel actividade, entre eles Carril, Noia e Muros e varios puntos da costa norte, como PontePasaxe, Barallobre ou Ortigueira (Madoz, 1845, ed. 1986).

## A INTERVENCIÓN DO ESTADO NA REGULACIÓN DO ACCESO AOS RECURSOS DESDE O ÚLTIMO TÉRCIO DO SÉCULO XIX

Se as características do acceso aos recursos pesqueiros en xeral durante a etapa estudada viñan marcadas pola liberdade regulamentada e enmarcada en certas condicións sociais, o último tercio do XIX presenta-se con cambios que van mudar a situación de forma importante, alomenos a priori. No caso da pesca a tendencia da regulamentación estatal, através do Ministerio da Mariña, será de liberalización da actividade e de reforzo do concepto de Mar Libre, para estender ao mundo da mar os efectos da Revolución Liberal española e sentar as bases dun novo modelo económico fundamentado en premisas diferentes (propiedade plena e liberdade da industria sobre todo)<sup>30</sup>.

<sup>27</sup> Ordenanza de Pontevedra, art. 23, e Ordenanza de A Coruña, art. 40. *Ordenanzas de Pesca (...)*, Madrid, 1850.

<sup>28</sup> Así o considera a alcaldía de Santa Marta de Ortigueira, con motivo da abusiva extracción de moluscos por parte de unha persoa. En AMO, *Leg. Fomento Marítimo Pesquero, 1801-1900*, ano 1864. Comunicación da alcaldía ao goberno da provincia de A Coruña de 29-X-1864. En anos anteriores, todo nos fai pensar que a situación era similar. Ver tamén o que se di no mesmo senso en López Seoane (1866, p. 64).

<sup>29</sup> Dirá-se nunha exposición sobre a pesca en Galiza, dirixida a un periódico en 1846, ao falar de Pontesampaio: "...cruzamos por una alameda de barquichuelas, ocupadas en pescar ostras (...); desde tiempo inmemorial se cogen las infinitas ostras que se consumen en toda la provincia y salen escavechadas para el interior de España en grandes cantidades...". *Guía del Comercio*, Núm. 246, 19-IX-1846. Ver tamén en Madoz (1845, ed. 1986) a voz Puentesampayo.

<sup>30</sup> Neste sentido, suprimen-se inicialmente os grémios e a matrícula de mar (nun intento de estender os efectos da revolución liberal ao mundo da pesca), e posteriormente emíten-se as normas precisas de cara á liberdade total da explotación (como a abolición da veda da sardiña). Isto último para dar resposta a un considerábel aumento da demanda desde 1880. Ver Giráldez (1993).

Sen embargo, a aplicación dos mesmos principios á regulación da actividade que poderíamos denominar "marisqueira" supuxo para o Ministerio da Mariña a necesidade de controlar e regular estreitamente o acceso a estes recursos, apresentando-se unha situación diferente que realmente é a outra cara da mesma moeda. Neste sentido, emitirán-se as pertinentes disposicións, inicialmente para as ostras e outros moluscos e despois, cando a súa explotación tiña acadado significativa importancia e rendemento, tamén para os crustáceos, coa pretensión de que desde a iniciativa privada, apoiada na acción do Estado, se potenciara o desenvolvemento "industrial" da actividade.

Dous son os factores que poden explicar estas diferentes situacións na regulación da explotación dos recursos do medio mariño (liberdade na pesca, estreito control no marisqueo). Por unha parte, as ostreiras naturais galegas comezan a notar un importante declive, que vai dar no cáseque total esgotamento na década de 1860<sup>31</sup>. E por outra, noutros lugares de Europa (principalmente en Francia, na bahía de Arcachon) instaláron-se por estes anos parques artificiais de cría e reprodución, para respostar tamén ao esgotamento, o que fixo que en España se tentara fomentar este tipo de explotación, sobre todo nas costas de Galiza, as mais productivas e as mais aptas para elo.

Para o Ministerio da Mariña, a situación supoñía a dobre necesidade de controlar a explotación dos bancos, mesmo proibindo-a, e de fomentar o establecemento de parques privados de cultivo, iniciando-se un proceso de privatización do uso de partes do espazo marítimo como forma de evitar o esgotamento e potenciar a rendibilidade da actividade. Esta necesidade será abordada polos funcionarios do Ministerio coa elaboración e promulgación de regulamentos, sobre o papel estritos, preveendo os dous extremos.

Atendendo ás publicacións da época e os informes do Ministerio, a causa do esgotamento do recurso na década de 1860 atopárase na ignorancia da regulamentación e no conseguinte exceso de presión sobre os bancos<sup>32</sup>, motivado en grande medida polas exportacións de semente e ostras nais aos criadouros franceses establecidos poucos anos antes. Neste sentido, de ter-se producido exceso de extracción podería ser en parte por efecto da aparición dun mercado de dimensións descoñecidas até ese momento, ao abrir-se as posibilidades de exportación do produto, e non tanto como consecuencia da falla de instrumentos de control<sup>33</sup>. Como argumentava Eduardo Chao (1866, p. 11), o aumento do consumo encareceu o produto, e "*...no sólo se cogieron las ostras adultas, si que también las pequeñas (...); y se cogieron no sólo en los meses de septiembre a abril, sino en todos los*

<sup>31</sup> Referimo-nos ás ostreiras galegas xa que eran con moito as mais importantes de España, e incluso de Europa. Neste sentido, pese a que a regulación é de ámbito estatal, está determinada en parte pola situación e características das costas de Galiza. Ver Graells (1864, 1867 e 1870).

<sup>32</sup> O naturalista lucense López Seoane (1866, p. 64) laia-se de que os pescadores galegos "*...alucinaron con el puñado de oro que les fue entregado de presente...*", esgotando os ricos criadouros, frase que recolle moi ben o espírito dos escritos da época sobre o tema.

<sup>33</sup> Aínda constatado o feito de que se produzan saídas de ostra galega aos criadouros franceses, non resulta provado que sexa a causa da desaparición dos bancos naturais. Ademais, pensar na posibilidade de que toda a ostra de todos os bancos desapareza por esta causa é un tanto arriscado (é mais provábel que en anos anteriores concurren outras circunstancias que podan explicar o sucedido). Por outra parte, desde a Alcaldía de Santa Marta de Ortigueira chega-se a prohibir a extracción en 1860, por considera-la excesiva, xa que "*...se hacía en gran escala para exportar al extranjero...*". AMO, Leg. Fomento Marítimo, *Pesqueiro*, 1801-1900.

demás del año, cuando la ostra se encuentra en esa función misteriosa de la reproducción que han rodeado de cuidados, y protegido con sus leyes los pueblos civilizados..."<sup>34</sup>.

Así, aínda que non é obxecto deste traballo, é de interese matizar que o esgotamento dos recursos do medio mariño non necesariamente ten que vir provocado pola ausencia de mecanismos de control, ou polo réxime de explotación, senón que circunstancias en principio alleas á actividade poden provoca-lo<sup>35</sup>. Con isto non se nega a posibilidade dun exceso de extracción, sobre todo tendo en conta que falamos de recursos nos que só se poden defender os dereitos de acceso através da captura (Aguilera, 1987; Ciriacy-Wantrup, 1952 <1957>).

No mesmo sentido, a redución da capacidade de rexeneración, e mesmo o esgotamento, deste tipo de recursos pode vir provocado pola captura de exemplares que tendo acadado certo tamaño non completaron aínda o seu ciclo biolóxico. Isto é, aínda existindo regras de captura xeralmente respetadas poderían dar-se situacións de sobreexplotación dos recursos.

## A REGULACIÓN ESTATAL E OS SEUS EFEITOS SOBRE O ACCESO AOS RECURSOS EN GALIZA

Como sucederá anos mais tarde coa explotación de algunhas especies de crustáceos, a ruína das producións naturais de ostra da costa española provocou que o Ministerio da Mariña encargara á recentemente criada Comisión Permanente de Pesca<sup>36</sup> a elaboración dun regulamento de ostricultura, cúa redacción será obra de Graells. Nos prolegómenos do mesmo, aprobado por R.O. de 15 de maio de 1866 co nome de *Reglamento para el Régimen de la Ostricultura en España*, insistirase na necesidade de que o Estado tome da súa conta o remedio ao declive dos bancos naturais, tal como se fixera na viciña Fráncia anos atrás. Para isto era preciso establecer un servizo científico de control e tamén de vixilancia, para garantir o correcto desenvolvemento dos principios da ciencia que se pretendían aplicar para introducir a *ostricultura* en España, e ver así aos "...*pescadores convertidos en propietarios...*"<sup>37</sup>.

Para conseguir a recuperación da antiga riqueza, o regulamento aprobado en 1866<sup>38</sup> declarou *propriedade do Estado* todas as ostreiras naturais que nese momento non eran particulares, sinalando entre elas as que ivan ser semilleros (con absoluta prohibición de pescar

<sup>34</sup> Ver Chao (1866, p. 11). Eduardo Chao foi un dos primeiros concesionarios dos terreos que o Ministerio da Mariña otorga para a creación de parques de ostricultura, antes incluso de aprobar-se o Regulamento de 1866, que establece legalmente esta posibilidade.

<sup>35</sup> En canto a isto, xa vimos páxinas atrás que o libre acceso é confundido coa propiedade comunal na maioría dos textos adicados ao estudo dos recursos pesqueiros. Textos xa clásicos argumentan que este tipo de explotación sen propiedade, que denominan en común, provoca o esgotamento (en palabras de G. Hardin, "*a traxédia dos comúns*") pola ausencia de mecanismos de control. Ver Gordon (1954), Hardin (1968) e Scott (1955).

<sup>36</sup> A mesma foi criada por R.O. de 6 de abril de 1865, como parte da reestructuración que estaba tendo lugar no Ministerio, e coa misión de facer un seguimento da actividade pesqueira e de realizar os estudos e informes pertinentes de cara a establecer a regulamentación. Ver *Colección Legislativa de la Armada*, ano 1865.

<sup>37</sup> En *Anuario de Pesca*, 1869, p. 163. Pese a estas declaracións de vontade do Ministerio, os tradicionais explotadores dos recursos non se verán beneficiados polas medidas que se van tomar, como veremos.

<sup>38</sup> Para todo o referente a este *Reglamento*, ver en adiante *Anuario de Pesca*, 1868, pp. 220-233.

nelas) e as que se podían adicar á extracción para o consumo<sup>39</sup>. Asimesmo, fixaron-se os periodos de captura nos bancos do Estado abertos á explotación<sup>40</sup> (permitida de fins de xaneiro a fins de abril), e tamén nas praias, donde o acceso á colleita é libre para todas as persoas do 1 de setembro a fins de abril. Ademais, levando adiante as novas ideas nas que se inspira, o goberno poderá conceder a particulares porcións de terreo na beiramar para establecer parques ou depósitos de mariscos, diferenciando así (art. 29 do Regulamento) a ostricultura reproductiva (criación de bancos artificiais) da de simple cria e engorde.

Polo tanto, a partir deste momento o acceso a este tipo de recursos fica sometido a novas regras que o limitan nas formas sinaladas, coa posibilidade ademais de que determinados lugares do espazo marítimo pasen a pertencer, aínda que non en propiedade, a persoas particulares, excluindo do seu uso a outras que tradicionalmente se viñan aproveitando delas. Ademais, ofrecéronse vantaxes aos concesionarios, ao permitirse-lles a pesca de outras nais nos semilleros do Estado para povoar os seus parques, e tamén a venda de ostras dos mesmos nos meses que non eran de "veda absoluta", é dizer, de setembro a abril<sup>41</sup>.

Aínda que previamente á aprobación do Regulamento de ostricultura o Ministerio da Mariña xa tiña concedido terreos a particulares<sup>42</sup>, a posibilidade reglada das mesmas será establecida polo mesmo. En adiante, algunhas persoas van solicitar terreos para adicar á ostricultura, pero non se acadará o éxito que pretende o Ministerio, nin no número de concesións (cadro 1) nin na recuperación da produción natural. Tampouco os poucos parques que se establecen funcionan de forma rendíbel (cadro 2), nin atenden a surtir un mercado que estaría en condicións de absorber a produción.

Incluso é posíbel que a situación teña empeorado nos anos seguintes, como reflexan os escritos e informes da Comisión Permanente de Pesca (Comisión Central, desde 1873). Así, o Ministerio, por R.O. de 15 de agosto de 1869, encarga a Graells unha inspección do estado da industria ostrícola nas costas do Departamento de Ferrol<sup>43</sup>. Na inspección reafirma-se o lastimoso estado das ostreiras naturais e o escaso progreso dos parques, basicamente pola inobservancia da lei ao faltar os medios de vixilancia precisos e, no caso dos parques, por falla de coñecimentos. En opinión de Graells os medios para atallar a situación estaban na reserva de bancos naturais e na creación de «parques-escola de ostricultura» para ensinar os

<sup>39</sup> Neste sentido, existía un pequeno problema de índole legal, que o regulamento solventa declarando propiedade do Estado as ostreiras, co cal xa as podía conceder aos particulares. Este problema queda superado coa *Ley sobre dominio y aprovechamiento de aguas*, aprobada por R.O. de 3 de agosto de 1866, que declara as costas, o mar litoral e as praias de dominio nacional e uso público. Ademais, esta lei establece a posibilidade de que o Estado poda conceder autorización para pesquerías e criadouros de peixes e moluscos. Ver C.L.A., 1866.

<sup>40</sup> Explotación a realizar exclusivamente polos matriculados do Departamento Marítimo donde se ubiquen os bancos, según establece o regulamento no artigo 14. Isto supón un límite ao acceso, ao reserva-lo xa non a todos os matriculados, senón só aos do Departamento. Esta salvedade perderá o seu sentido coa *Ley de Supresión de la Matrícula del Mar*, aprobada por R.O. de 22 de marzo de 1873, que declara libre o exercicio de todas as faenas do mar. Ver C.L.A.

<sup>41</sup> A veda absoluta era nos meses de maio a agosto, época de reprodución da ostra, pero a pesca estaba prohibida até fins de xaneiro, para garantir a saída das crias.

<sup>42</sup> En concreto, o Ministerio concedera terreos e incluso a explotación de ostreiras a unhas poucas persoas, algunhas de nacionalidade francesa. En total, según as fontes manexadas, foron cinco as concesións que se fixeron de Real Orde. Ver C.L.A., anos 1860-1866. Tamén *Anuarios de Pesca*, 1868 e 1869.

<sup>43</sup> A investigación foi publicada polo Ministerio de Marina, en virtude de R.O. de 27-V-1870, co título de *Exploración Científica de las costas del Departamento Marítimo de Ferrol... realizada por Mariano de la Paz Graells en el verano de 1869*. Ver bibliografía.

métodos desta *industria*<sup>44</sup>. A isto devíase unir o establecemento dun imprescindíbel sistema de vixiáncia, en mar e terra, para fazer cumprir a legalidade.

**Cadro 1.-** Parques e depósitos de moluscos en Galiza, 1869 e 1884 (\*)

Provincia marítima	1869		1884	
	Depósitos	Parques	Depósitos	Parques
Rivadeo	—	—	—	3
Viveiro	3	—	1	—
Ferrol	2	2	2	—
A Coruña	—	3	—	8
Vilagarcía	—	—	2	—
Vigo	2	3	2	5
Total	7	8	7	16

(\*): A diferenciación entre parques e depósitos resposta a que nestes últimos non se realizan as operacións de reprodución, servindo como depósitos de cria de exemplares recollidos noutros lugares, a diferenza dos parques. Así é como aparecen nas concesións que fixo o Ministerio de Mariña por R.O.

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos que ofrece o Ministerio de Mariña no *Anuario de Pesca para 1869* e na *Memoria de pesca para 1879-84*. Ver bibliografía.

**Cadro 2.-** Estado de funcionamento dos establecementos ostrícolas existentes en Galiza, 1869 e 1884.

Provincia marítima	1869			1884		
	Bó	Regular	Malo	Bó	Regular	Malo
Rivadeo	—	—	—	—	2	1
Viveiro	—	—	3	—	—	1
Ferrol	—	1	3	—	2	—
A Coruña	—	2	1	5	1	2
Vilagarcía	1	—	—	—	—	2
Vigo	—	—	4	1	2	4
Total	1	3	11	6	7	10

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos que ofrece o Ministerio de Mariña no *Anuario de Pesca para 1869* e na *Memoria de pesca para 1879-84*. Ver bibliografía.

Sucesivas Ordes irán perfilando as propostas para remediar a situación. En concreto, dúas R.O. de 20 de febreiro de 1874<sup>45</sup> dispoñen a creación de dous «parques modelo», un en Galiza, e outro en Cádiz, e autorizan a inversión dos fondos dos extintos «grémios de mar» neste cometido<sup>46</sup>. E outra R.O. do mesmo ano reserva 16 bancos naturais do Departamento

<sup>44</sup> A creación de «parques modelo» é unha idea recollida da experiencia seguida en Francia en anos anteriores, donde ademais de ofrecer lotes de terreo aos ostricultores criáronse «parques modelo» para ensinar os métodos de cultivo. Ver Dalido (1948) e Graells (1867).

<sup>45</sup> *Memoria sobre la Industria y Legislación de Pesca, 1870-74*, p. 404, 1876.

<sup>46</sup> Os grémios, logo de varias normas suprimindo-os e reinstaurando-os, quedan extinguidos definitivamente por R.O. de 11 de xullo de 1864. A pesar disto, seguen existindo nalgúns lugares, pero tras a abolición da Matrícula do Mar a Mariña non considera oportuno seguir intervindo neles, o que establece por R.O. de 12 de abril de 1873. Ver C.L.A., anos mencionados.

de Ferrol exclusivamente á repovoación, proibindo pescar neles<sup>47</sup>. Finalmente, en orde á nova situación, redacta-se o *Reglamento para la Propagación y Aprovechamiento de Mariscos*, baseado na investigación de Graells de 1869 e aprobado por R.D. de 18 de xaneiro de 1876<sup>48</sup>.

O novo Regulamento diferencia-se do anterior en que recolle as decisións do Ministerio en canto a reservar bancos naturais e criar escolas de ostricultura, e tamén en que fai maior fincapé na necesidade de preveer o esgotamento, definindo un sistema de vixiáncia e control a traveso dos denominados garda-pescas. E ademais, dado que a situación o demandava, regula a explotación de todos os mariscos obxecto de atención naquel momento, establecendo tamén tamaños mínimos de captura para eles (ponto este obxecto de regulación por primeira vez, e ao que o Regulamento de 1866 non facía referencia)<sup>49</sup>.

En canto á *industria particular*, as concesións serán agora feitas a perpetuidade e incluso se ofrece a posibilidade de premiar aos bos ostricultores, como forma de impulsala. Impulso que, polos dados manexados, nunca consegue a xeneralización de parques artificiais, nen sequer que os existentes funcionen ben. A altura do ano 1884, o número de parques e depósitos é, segundo os datos manexados, de 23 en Galiza (poucos mais en toda España), algúns en explotación e outros abandonados ou en construción, pero poucos en bó estado (ver cadro 2).

Neste mesmo sentido, tampouco o parque-escola que se estableceu na ría de Ortigueira<sup>50</sup> resposta ás expectativas da súa creación<sup>51</sup>. Para a instalación do mesmo fora designada a mencionada ría por R.O. de 31 de marzo de 1876<sup>52</sup>, co triplo obxectivo de surtir de ostras nais aos ostricultores privados, ensinar os métodos artificiais de cultivo e repovoar os bancos naturais. Obxectivo que, a pesares das manifestacións do Ministerio cando en 1884 suprime o parque, nunca foi acadado<sup>53</sup>.

Ademais, deve-se sinalar que os tradicionais explotadores dos recursos permanecen completamente á marxe do proceso descrito de apropiación do uso de partes do espácio marítimo por particulares. Así, as concesións otorgadas polo Ministerio recaen en persoas que, aínda estando maioritariamente relacionadas coa economía marítima, pouco teñen que ver coa clase "pescadora-mariscadora". Isto pudo xenerar algún tipo de conflito cos novos usufructuarios de zonas marítimas, e en todo caso o desinterés da poboación ribeireña pola

<sup>47</sup> R.O. de 28 de marzo de 1874. *Memoria sobre (...) 1870-74*, p. 404, 1876.

<sup>48</sup> *Memoria (...) 1870-74*, p. 407, 1876.

<sup>49</sup> Por estes anos, a extracción e consumo de outros mariscos (nestes momentos esta palabra designa aos moluscos) acadara certa importancia, de forma que desperta o interese das autoridades, sobre todo en canto ao mexilón, á ameixa, e ao berberecho. Non se regula nada, en cámbio, para a explotación de crustáceos.

<sup>50</sup> Ortigueira é "...el verdadero Arcachon de las rías gallegas...", en palabras de Graells (1870), que se maravilla ante as posibilidades dos terreos emerxentes de esta ría para adicar á cria e cultivo das ostras.

<sup>51</sup> Son reveladores os comentários da alcaldía de Ortigueira, cando anos despois solicita que se levanten as restricións do acceso aos recursos na ría establecidas coa instalación dun parque que "...sólo existió de nombre, causando innumerables prejuicios a pescadores, mariscadores y labradores...". En VISO, *Pesca, Generalidad*, (Leg. 2.124, 1887).

<sup>52</sup> *Memoria (...) 1874-79*, p. 538, 1880. Tamén: C.L.A., 1876. Dos dous parques que prevee a R.O. de 20 de febreiro de 1874 só se chega a establecer o de Ortigueira; o encargado da instalación foi, como non, o propio Graells, inspirador de todas estas ideas.

<sup>53</sup> En VISO, *Pesca, Generalidad*, (Leg. 2.124, 1887). R.O. de 31 de decembro de 1884. Tamén C.L.A., ano 1884. Sen embargo, o desenvolvemento do parque-escola de Ortigueira debe ser estudado con mais dedicación nun monográfico.

"ostricultura", o cal pudo provocar á súa vez unha certa ignorancia das normas establecidas para a recuperación dos bancos naturais por parte de xente que se sentiría allea ao proceso<sup>54</sup>.

## ALGUNHAS CONCLUSIÓNS

A situación criada no último tercio do XIX coa nova regulamentación pretendeu evitar a explotación excesiva e fomentar o impulso da actividade desde a iniciativa privada. O marco preciso para desenvolver estas expectativas supuxo un control estrito do acceso e o auxilio do estado. Control que, paradoxicamente, entrava en contradición cos principios da Revolución Liberal que se aplicaban progresivamente á economía marítima, pero só de forma aparente.

Por outra parte, esta mesma regulamentación non sirveu para evitar o esgotamento e conseguir a recuperación da produción natural. Neste sentido, dá a sensación de ter-se quedado en papel mollado, quizais pola pouca capacidade de vixiáncia da Mariña.

Finalmente, prodúcese un avance limitado no proceso de apropiación privada do espazo marítimo. Isto sucede primeiro coas concesións para parques e depósitos de moluscos, e anos despois para cetáceas de crustáceos. Avance en calquer caso limitado, pero importante polo que significa desde o punto de vista da xestión do uso dos recursos naturais. Ademais, os seus tradicionais extractores non participan deste proceso. E neste sentido podemos falar de fracaso da administración á hora de fomentar unha explotación racional dos recursos, ao deixar á marxe ás persoas máis interesadas na mesma, que incluso se puderon opoñer non respetando as normas.

## FONTES E BIBLIOGRAFÍA

Abreviaturas arquivísticas utilizadas:

- AHPP: Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.
- AHRG: Arquivo Histórico do Reino de Galicia.
- AHUS: Arquivo Histórico Universitario de Santiago.
- AMO: Arquivo Municipal de Ortigueira.

## BIBLIOGRAFÍA

- AGUILERA, F. (1987): "Los recursos naturales de propiedad común: Una introducción", *Hacienda Pública Española*, N. 107, pp. 121-127.
- AGUILERA, F. (1991): "¿La tragedia de la propiedad común o la tragedia de la malinterpretación en economía?", *Agricultura y Sociedad*, N. 61, pp. 157-181.

<sup>54</sup> Ver nota 51 deste traballo.

- AGUILERA, F. (1993): "Economía, medio ambiente y espacios comunales", en Pascual [ed.]: *Procesos de apropiación y gestión de espacios comunales, VI Congreso de Antropología*, pp. 13-22. Tenerife.
- Anuario de la Comisión Permanente de Pesca para 1868. Resumen de sus trabajos y noticias referentes a la industria pesquera, redactada de orden superior por su vocal secretario Cesáreo Fernández*. Madrid: Ministerio de Marina.
- Anuario de la CPP para 1869 (...) redactada por su vocal secretario Cesáreo Fernández*. Madrid: Ministerio de Marina.
- CARMONA, J. (1983): *Producción téxtil rural e actividades marítimo-pesqueiras en Galicia*. [Tese de doutoramento]. Santiago de Compostela.
- CIRIACY-WANTRUP, S.V. (1956) <1952>: *Conservación de los recursos. Economía y Política*. México.
- CIRIACY-WANTRUP, S.V.; BISHOP, R.C. (1992) <1975>: "La propiedad común como un concepto en la política de recursos naturales", en Aguilera [coord.]: *Economía del agua*, pp. 339-358. Madrid.
- CORNIDE, J. (1774): *Memoria sobre la pesca de sardina en las costas de Galicia*. Madrid.
- CORNIDE, J. (1778): *Ensayo de una historia de los peces y otras producciones de la costa de Galicia arreglada al sistema del caballero Carlos Linneo, con un tratado de las redes y aparejos con que se practican*. Madrid.
- CHAO, E. (1866): *Creación de una riqueza millonaria en las costas de Galicia por la ostricultura*. [Folleto]. Madrid.
- DALIDO, P. (1948): *L'Huitre du Morbihan. Étude Économique et Sociale*. Paris.
- FERREIRA, E. (1988): *Galicia en el comercio marítimo medieval*. A Coruña.
- GALVÁN, J. [coord.] (1989): *Vivindo do mar*. Santiago de Compostela.
- GALVÁN, J. (1993): "Entre la tierra del común y el mar de todos: Una cuestión de economía política y ecología humana", en Pascual [ed.]: *Procesos de apropiación y gestión de espacios comunales, VI Congreso de Antropología*, pp. 105-140. Tenerife.
- GIRÁLDEZ, J. (1993): "El conflicto por los nuevos artes: Conservacionismo o conservadurismo en la pesca gallega de comienzos del siglo XX", en González de Molina e Martínez Alier [ed.]: *Historia y Ecología*, pp. 233-250. Madrid.
- GONZÁLEZ MAROTO; SÁNCHEZ GIMÉNEZ (1906): *Manual de legislación sobre pesca marítima*. Madrid: Ministerio de Marina.
- GONZÁLEZ VIDAL, M. (1980): *El conflicto en el sector marisqueiro de Galicia*. Madrid.
- GORDON, H.S. (1954): "The Economic Theory of Common Property Resources: The Fishery", *Journal of Political Economy*, Vol. 75, pp. 124-142.
- GRAELLS, M. DE LA PAZ (1864): *Manual práctico de piscicultura o prontuario para servir de guía al piscicultor en España y a los empleados de la administración pública en nuestras aguas dulces y saladas, escrito y publicado de orden de S.M.* Madrid.
- GRAELLS, M. (1867): *Acuicultura. Estudios y observaciones de los establecimientos de pesquerías (...)*. [Memoria presentada al Excmo Sr. Ministro de Marina por el vocal de la CCP Mariano de la Paz Graells...]. Madrid.
- GRAELLS, M. (1870): *Exploración científica de las costas del Departamento Marítimo de Ferrol, verificada de orden del almirantazgo por el vocal de la CPP, D. Mariano de la Paz Graells, en el verano de 1869*. Madrid: Ministerio de Marina.
- HARDIN, G. (1868): "The Tragedy of the Commons", *Science*, Vol. 162, pp. 1245-1248. [Versión en castellano en H.E. Daly [ed.] (1979): *Economía, Ecología, Ética*, pp. 125-130. México].

- HOYO, J. DEL (1607): *Memorias del Arzobispado de Santiago*. [Edición de Ángel Rodríguez González e Benito Varela Jácome, transcripción orixinal do manuscrito que se conserva no Arquivo da Mitra Compostelana]. Santiago de Compostela.
- LÓPEZ FERREIRO, A. (1895): *Fueros municipales de Santiago y su tierra*. Reed. 1975. Santiago de Compostela.
- LÓPEZ SEOANE, V. (1866): *Reseña de historia natural de Galicia*. Lugo.
- MACIÑEIRA, F. (1903): "La riqueza ostrícola de la costa del Ortegal", *Almanaque Gallego de Castro López*, pp. 101-109. Buenos Aires.
- MADOZ, P. (1845): *Diccionario geográfico estadístico histórico de España y sus posesiones de ultramar*. [Ed. facsímil sobre Galicia, 1986]. Santiago de Compostela.
- MARTÍNEZ MURGUÍA, M. (1888). *Galicia*. Barcelona.
- MARTÍNEZ SALAZAR, A. (1911): *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI, transcriptos por...* A Coruña.
- MEIJIDE, A. (1969): "Notas históricas sobre ostricultura en la ría de Arosa", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. XXIV, pp. 463-488.
- MEIJIDE, A. (1971): "Remesas gallegas de pescado fresco a la Corte Borbónica, 1760-1790", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. XXVI, pp. 187-216, (separata).
- MEIJIDE, A. (1979): "Aspectos de la vida económica de Vigo en el siglo XVIII", en VV. AA.: *Vigo en su historia*, pp. 279-335. Vigo.
- Memoria sobre la industria y legislación de pesca que comprende del año 1870 al 1874, redactada a propuesta de la Comisión Central de Pesca por Francisco Javier de Salas y Francisco García Solá*. Madrid: Ministerio de Marina, 1876.
- Memoria sobre la industria y legislación de pesca (...) 1874-79, redactada (...) por Francisco García Solá*. Madrid: Ministerio de Marina, 1880.
- Memoria sobre la industria y legislación (...) 1879-84, redactada por (...) Rafael Gutiérrez Vela*. Madrid: Ministerio de Marina, 1885.
- MOLINA DE MÁLAGA (1550): *Descripción del Reino de Galicia*. Valladolid.
- PASCUAL, J. (1993): "Apuntes para el debate en torno a la tragedia de los comunes", en Pascual [ed.]: *Procesos de apropiación y gestión de espacios comunales, VI Congreso de Antropología*, pp. 23-45. Tenerife.
- PÉREZ COSTANTI, P. (1925-27): *Notas viejas galicianas*. Santiago de Compostela.
- SANTOS, S. (1990): *Historia da pesca e da salgazón nas Rías Baixas desde as Ordenanzas Xerais da Armada de 1748 ata o desestanco do sal en 1870*. Santiago de Compostela.
- SALAS, F. DE (1870): *Historia de la Matrícula de Mar y examen de varios sistemas de reclutamiento marítimo*. Madrid: Ministerio de Marina.
- SAMPEDRO, C. (1904): *Monumentos, inscripciones, documentos, extractos de manuscritos, etc. para la historia de Pontevedra*. Pontevedra: Sociedad Arqueológica.
- SAÑEZ REGUART, A. (1791-95): *Diccionario histórico de los artes de la pesca nacional*. Reed. facsímil. Madrid: MAPA.
- SCOTT, A.D. (1955): "The Fishery: The Objectives of Sole Owner-Ship", *Journal of Political Economy*, Vol. 63, pp. 116-124.